

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2021/33	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	04 de outubro de 2021
Duración	Dende as 11:15 ata as 11:30 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario	Maria Fernanda Montero Parapar

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesús Taboada Lázara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 344/2020. Contratacións. - Prórroga do contrato de servizos denominado Servizo de Axuda no Fogar

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que con data 16/12/2020 tivo lugar a formalización do contrato de servizos "AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA", celebrado entre o Concello de Silleda e a empresa

Pedroso y Rojas SL, con CIF B36461820, adxudicado por acordo do Pleno da Corporación, adoptado na sesión celebrada o día 30/10/2020.

Tendo en conta que a duración prevista inicialmente para o dito contrato, segundo consta tanto no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación, como na cláusula cuarta do propio contrato formalizado, é dun ano con posibilidade de prórroga por prazo doutro ano.

Resultando que o próximo día 15 de decembro de 2021 constitúe a data de finalización do contrato, e visto o informe da traballadora social do Concello de Silleda, e responsable técnica do contrato, no que se xustifica a necesidade de prórroga, de data 21/09/2021.

Visto o informe de Intervención favorable á prórroga de data 22/09/2021.

Tendo en consideración o informe de Secretaría nº 078 de data 22/09/2021, e previo ditame emitido pola Comisión especial de contas e informativa de economía, facenda, réxime interior, seguridade e tráfico, e grandes proxectos en sesión celebrada o día 27/09/2021, a Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación efectuada polo Pleno da Corporación, adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Acordar a prórroga do contrato de servizos denominado Servizo de Axuda no Fogar, por un período dun ano, estendéndose a súa vixencia ata o día 15 de decembro de 2022 (o prazo dun ano vai dende o día 16/12/2021 ata o 15/12/2022).

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto correspondente con cargo a orzamento vixente.

Terceiro.- Notificar a aprobación da prórroga ao contratista, advertíndolle do seu carácter obrigatorio.

Cuarto.- Proceder á súa publicación no Perfil do Contratante e á súa comunicación ao Rexistro de Contrato do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Silleda